

# Publicacions Escolares do Seminario d'Estudos Galegos

**Método de lectura por Josefa Iglesias Vilarelle**

Poucas vegadas o comento de un libro e laboura pesada. Si este libro é escrito en galego lése e coméntase con lédicia, aínda mais si como no caso presente é un método de lectura.

As edicions galegas, con seren cada vegada mais numerosas, non-o son na medida necesaria pró momento por que atravesa Galicia falta de todo, a pesar do heroísmo do ergueito feixe de patrianos que milita no Seminario de Estudos Galegos.

A causa principal da falla de calidade educativa e política dos nosos libros, está craro é, en primeiro término nos autores é tamen débese esto á falla de estímulo por parte da cafila pretenciosa e vulgar dos nosos ricos; a outra pedante de algúns pseudo-intelectuaes de cara a Madri, e tamen quizais principalmente a un terceiro grupo: Os camaleons, partidarios do bilingüismo, galeguistas de ocasión ou d'aqueles que din cando se comprometeron como separatistas, que o seu separatismo, é de senso espiritual.

Teño nas mans este sinxelo libríño, primeiro intento práctico de auténtica

escola galega, e parécese mentira que en tantos anos que levamos loitando nas filas nazionalistas, descuidáramos hasta agora este importante problema da escola infantil, primeiro principio de unha laboura metódica e sólida como é a ousantazón dos nenos no viero racial do idioma.

Os nosos pequenos que no fogar falan e oucen falar galego; obrigados na escola a desbotalo como cousa sáfia, e a adoptar en troques o castelán, quedan de cote asinalados coa librea dos lacaios, e privados quizais pra sempre, do posto de loita que sinifiquelibertade prá 'nosa Terra. ¡Tanta trascendencia ten na vida o primeiro paso!

Si ao faguer un balance das actividades nazionalistas na Patria nestes derradeiros tempos, sometemos a un frío análise a actitude dos nosos persoeiros mais eminentes frente aos críticos istantes vividos na Penínsua, vemos con dolor e carraxe que ningun d'eles, nin tan só un, estivo no posto i'altura que debía, según seus antecedentes. Por iso eu sou pesimista; non creo nos homes de oxe, pois a maoría

veñen tarados dende o primeiro paso dado n'unha escola viciada por anti-galega.

Non vou a negar a universalidade de cultura de algúns dos nosos mestres, pero si quero sinificar craramente que mais necesitada estivo i'está Galicia por ex. de un Viriato; vale mais pra ela un home que sinta hast'ó sacrificio da vida e sepa trasmitilo os demais, que os sete sabios da Grecia, coas suas sendas sentencias; e si non se me toma por esaxerado hasta chego a crér que o cultivo escesivo do intelecto en certos tipos mata algo a sua varonía i'esto faimo pensar o xeito de algúns dos nosos portabandeiras, nazonalistas cando falan ou escriben, e treidores ou cobardes fronte a vida ou o que e pior fronte a posible pérda de un prato de garbanzos.

Por eso, pesimista como sou, non podó menos de manifestar sinceramente, que soio creó nos rapaces que oxe teñen dez anos ou menos, e a condizon de que contén con unha escola e mestres galegos, pois a escola completará d'ese xeito a laboura exemplar das nais galegas depositarias da tradición e idioma nosos, e maestras inefables das primeiras verbas que ouce o fillo.

Pra ter unha escola galega temos que empezar por preparar os libros, pois os mestres que oxe por sorte xa os témos, sin métodos axeitados farán unha obra trabucada e perxudicial.

O modesto método que oxe nos chega, editado pol-o Seminario de Estudos Galegos, atalaya lanzal da nosa

cultura, é obra de unha muller nosa, e así tiña que ser, pois fai falla moito espírito de sacrificio pra deixar de escribir o consabido libro de versos (que halaga a propia vaidade en moitos casos), en troques de pensar un pouco nos escolantes nosos, orfos de Gramática, Xeografía e Historia galegas, cimentos únicos pra crear conciencia Patria nos homes de mañan.

Xa que non tomou a iniciativa ningún dos homes nosos, xurdiu unha culta muller exemplarizando a conducta a seguir, e ofrecéndonos, n'este modesto fato de follas, un pouco de esperanzado futuro, un anaco de albeiro optimismo, n'esta hora de dúbidas, de prevaricacions, e de banquetes noxentos.

Unha aperta cordial, a sua autora, pois o seu libro aparte do que siñifica, e tamen un chamado ó bon sentido, e pon de manifesto sin pretendelo, o absurdo dos que chamábamos por unha universidade galega sin ter aínda unha escola primaria que mereza ese outro calificativo.

Hai que galeguizar urxentemente as escolas sostidas pol'os emigrados, pois en moitas d'elas enséñase aínda Historia e Xeografía do Río de la Plata, coa intención de perpetuar a emigración que chucha o sangue da nosa mai común.

¡Escritores galegos! Mans a obra. Anegade de libros de ensino galego as escoias da Patria, i'ela vos pagará con creces no porvir a boa sementada!

*Clemente López Pasarón.*

## PEQUENAS NOTAS